



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE FEBREIRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día catorce de febreiro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproban as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para



contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación do ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 26, do 6 de febreiro de 2018).

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproban as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña do ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 26, do 6 de febreiro de 2018).

- Orde do 31 de decembro de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018. (Diario Oficial de Galicia número 26, do 6 de febreiro de 2018).

- Lei 8/2017, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. (Boletín Oficial do Estado número 36, do 9 de febreiro de 2018).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 2 ao 8 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 292/2018 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 333/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
292/2018	02/02/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de febreiro de 2018
293/2018	02/02/2018	Expediente de reposición da legalidade urbanística por escavación de terras e construción de muro de contención sen licenza nin solicitude en finca sita en Meixigo, Cambre. Propiedade: ESNF
294/2018	02/02/2018	Licenza para construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Espiritu Santo, cuxo promotor é JTV
295/2018	02/02/2018	Expediente de disciplina urbanística 3/1994 pola construción dun cerramento e un chabolo en Sigrás de Abaixo, Sigrás, sen licenza municipal
296/2018	02/02/2018	Conceder a licenza de vao permanente para os accesos á gasoleneira sita nas rúas Polígono e Francisco Añón, O Temple, Cambre. (PE, S.L.)
297/2018	02/02/2018	Conceder a licenza de vao permanente a dona MQA para o acceso a vivenda sita no lugar de Seoane, Anceis, Cambre
298/2018	02/02/2018	Solicitude subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018 (SI435B, SI435A, SI427B).
299/2018	02/02/2018	Declaración de desistimento da solicitude da licenza obra construción de nave na Telva a instancia de MªJFM
300/2018	02/02/2018	Expediente sancionador por infracción á Ordenanza de Limpeza do Concello de Cambre por colocación de carteis de propaganda en diversos puntos do termo municipal por Grupo Municipal de BNG
301/2018	02/02/2018	Solicitude de tarxeta de empregado público: LKB
302/2018	05/02/2018	Conceder a axuda recibo luz por importe de 57,17 euros e recibo de auga por importe de 58,83 euros a MMIS
303/2018	05/02/2018	Conceder a axuda 3 recibos luz a VSS por importes de 43,81, 42,25 e 52,33 euros
304/2018	05/02/2018	Admisión a trámite da reclamación patrimonial presentada por dona M.V.L. polos danos ocasionados no tellado do seu garaxe a consecuencia da retirada pola brigada de obras dunha árbore que lle caera enriba debido ao temporal
305/2018	05/02/2018	Licenza para segregación ou división de terreos para regularización de viario en Anceis. Propiedade: IBM
306/2018	05/02/2018	Conceder a JMGP licenza municipal para a construción dunha rampla de acceso á finca sita en Espiñeiro, Brexo
307/2018	05/02/2018	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida para a subministración de gas natural á vivenda unifamiliar sita na rúa Arrigada, Cambre. GG, SDG. S.A.
308/2018	05/02/2018	Resolución expedientes sancionadores de tráfico: dii (p 4390)
309/2018	05/02/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: r.r. desestimatorio expdte 5745/2017
310/2018	05/02/2018	D12-: Solicitude para participar na subvención de mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais 2018.
311/2018	05/02/2018	Expediente de xeración de crédito número 3/2018. Mellora de camiño 00383, Aprobar o expediente de xeración de crédito número 3 de 2018 por importe de 19403,50 euros
312/2018	05/02/2018	Execución de aval núm. 1271/008, presentado por C33, S.L. Resolución final
313/2018	06/02/2018	Conceder a axuda aluguer a JRDM por impute de 600 euros
314/2018	06/02/2018	Solicitude subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións provinciais 2018 dirixidas a concellos para contratar persoal deportivo
315/2018	06/02/2018	Uso da piscina municipal da Barcala por parte do IES David Buján; curso 2017/2018. Substitue a Decreto do Concelleiro de patrimonio nº238/2018 do 25 de xaneiro
316/2018	06/02/2018	Expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2017 núm. 2/2018 por importe de 663.268,34 euros

317/2018	07/02/2018	Resolución de corrección de erros materiais, advertidos erros nas bases da convocatoria "de concurso para a selección dun técnico en promoción económica interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en promoción económica interinos" aprobadas por Resolución da concellería delegada da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, nº 278/2018 de data 1 de febreiro de 2018, se efectúen as correspondentes correccións
318/2018	07/02/2018	Licenza de segregación para regularización de viario no Balado - Cambre instruído a instancia de JRPE
319/2018	07/02/2018	Licenza segregación de finca en Santa Maria Vigo instruída a instancia de MVC
320/2018	07/02/2018	Expediente de reposición da legalidade urbanística 07/31/95 e 2018/I002/000012 por construción de edificio nos Campóns, Sigrás sen licenza municipal. Propiedade: MPM
321/2018	07/02/2018	Solicitude de subvención en concorrencia competitiva do fondo de compensación ambiental para o ano 2018, de forma individual
322/2018	07/02/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: JRRM
323/2018	07/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos a EGR por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
324/2018	07/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos a MNI por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
325/2018	07/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos a ASDQ por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
326/2018	07/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos a LC por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
327/2018	07/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos a FGC por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
328/2018	07/02/2018	Convocatoria da Mesa de Contratación Permanente 14/02/2018
329/2018	07/02/2018	Licenza animais potencialmente perigosos 2/2018 a nome de LVS
330/2018	07/02/2018	Proxecto de expropiación forzosa para a execución do planeamento no ámbito da estrada Cambre-Temple, esquina rúa Carballo
331/2018	08/02/2018	Conceder as autorizacións de venda ambulante no campo da feira de Cambre
332/2018	08/02/2018	Aprobación da incorporación de dona SGM ao Programa



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Municipal de Voluntariado
333/2018	08/02/2018	Aprobar a convocatoria e as bases para a selección interina dun arquitecto

4º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Acudiu, acompañado do concelleiro Juan González Leirós, a unha reunión co director da Axencia Galega de Infraestruturas Francisco Menéndez, para falar sobre as obras de construción de beirarrúas na Xira e na Casilla.

- Mantivo reunión coa veciñanza de Cela para informarles sobre a recente adquisición dos terreros necesarios para a construción dun local social, así como das obras e reparacións realizadas e pendentes de realizar na devandita parroquia.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O mércores día 7 de febreiro asistiu á convocatoria de reunión da "Mesa do sector público do GALP, Golfo Artabro Sur, na Casa do Mar no Concello de Sada.

- O día 9 de febreiro visitou a feira do Temple xunto coa técnica AEDL para ver o nivel de asistencia e satisfacción por parte dos vendedores e dos veciños.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- App Omix: 2.198 descargas.

- Iniciados os traballos de contratación dos campamentos de verán.

- Casa Arrigada. Iniciados as obras de acondicionamento.

- Kdadas de entroido na casa da Xuventude, o día 9 obradoiro de filloas.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Adxudicación, á empresa "Lancer Proyectos y Obras, S.A.", no importe de 112.938,52 euros sen IVE (136.655,61 euros IVE incluído), da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros". Expediente: 2017/C003/000004
- Adxudicación á empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L. no importe de 14.875,00 euros sen IVE, (17.998,75 euros, IVE incluído), da produción do evento e das actuacións artísticas de "Azúcar Moreno" e "Orchestra Trébol" o sábado 17 de febreiro de 2018. Expediente: 2018/C002/000001
- Contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada e con tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros. Expediente: 2017/C004/000004

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Adxudicación, á empresa "Lancer Proyectos y Obras, S.A.", no importe de 112.938,52 euros sen IVE (136.655,61 euros IVE incluído), da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros". Expediente: 2017/C003/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo), da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros" , cun orzamento de execución por contrata de 221.951,61 euros (IVE incluído).

Vistos os informes emitidos pola pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con datas do 28 de novembro de 2017 e 11 de xaneiro de 2018 , dos que resulta que a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación do criterio de adxudicación factor prezo, (único aplicable no presente procedemento), e que se atopaba inicialmente incurso en presunción de desproporción ou temeridade ("Construcciones López Cao, S.L.") non acreditou debidamente a baixa ofertada, mediante a presentación da documentación contemplada na cláusula 15.3.3 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente procedemento.

Vistos os informes emitidos coas datas do 28 de novembro de 2017 e 11 de xaneiro de 2018 pola antedita enxeñeira técnica de obras públicas municipal, e dos que resulta que a entidade licitadora que formulou a oferta máis vantaxosa no presente expediente, en aplicación do criterio de adxudicación factor prezo que consta na cláusula 9 do prego-tipo que rexe a presente licitación



, e sen presentar un valor anormal ou desproporcionado é a entidade “Lancer Proyectos y Obras, S.A.”, que oferta o importe de 136.655,61 € IVE incluído, polo que formula proposta de adjudicación ao seu favor.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre con data do 23 de xaneiro de 2018, e visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada nas cláusulas 12.1 e 16.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e máis no Anexo IV ao prego-tipo que rexe a presente contratación, este achegou en prazo a documentación requerida, acreditando a súa solvencia técnica, e dispoñer dos medios personais e materiais suficientes, segundo informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 7 de febreiro actual.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 8 de febreiro de 2018, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 151 e 152 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 12 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.1. e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- “Obras y Viales Cerne, S.L.”
- “Desmaco, S.L.U.”
- “Construcciones López Cao, S.L.”
- “Obras y Saneamientos Galicia, S.L.”
- “Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.”
- “Alvac, S.A.”
- “OVISA Pavimentos y Obras, S.L.U.”
- “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”
- “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”
- “Sondeos Porzuna, S.L.”
- “Arines Obras y Proyectos, S.L.”



- "Proyectos Zenale, S.L."
- "Hordescon, S.L."
- "Lancer Proyectos y Obras, S.A."
- "Excavaciones Santiños, S.L."
- "Construcciones Leonardo Miguelez, S.L."
- "Canarga, S.L."
- "Arias Infraestructuras, S.A."
- "Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." (MARCONSA)
- "Francisco Gómez y Cía., S.L."

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre con data do 23 de xaneiro de 2018, declarar a renuncia da oferta presentada pola entidade "Construcciones López Cao, S.L.", e, en consecuencia, excluíla da clasificación das ofertas presentadas, ao abeiro do establecido na cláusula 15.5 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, e art. 152.4 do RDL 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por non xustificar debidamente a súa oferta, que era a que obtiña a maior puntuación trala aplicación do criterio de valoración "factor prezo", único valorable no presente procedemento, se ben se atopaba incurso en presunción de desproporción ou temeridade, polo que foi requerida para presentación de documentación xustificativa da baixa ofertada.

De conformidade co informe emitido coa data do 11 de xaneiro de 2018 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, a empresa "Construcciones López Cao, S.L." non xustificou adecuadamente a baixa ofertada, xa que non aportou a documentación suficiente solicitada nos puntos 1, 2 e 3 da cláusula 15.3 do prego administrativo, toda vez que non xustificou nin o prezo nin a procedencia de parte do material, aplica porcentaxes de desconto no material que non corresponden na súa aplicación cos prezos descompostos, non presenta o detalle da oferta realizada por unidades de obra similar ao do proxecto técnico, non achega a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios personais e materiais dos que dispón, nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados, e tampouco achega as nóminas do persoal.

Debido a estas circunstancias, non se considera xustificada a oferta, polo que procede a aplicación da cláusula 15.5 do prego de cláusulas administrativas, e artigo 152.4 RDL 3/2011, que establecen que : *"A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración ..."*, e *"Si o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a prol da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que fosen clasificadas ..."*

Terceiro : A orde decrecente de clasificación obtida polas restantes empresas licitadoras admitidas, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta que o único criterio de



adjudicación é o factor prezo, segundo a fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas para a Deputación Provincial da Coruña, é a seguinte:

- 1.- Lancer Proyectos y Obras, S.A.	98,47 puntos
- 2.- Canarga, S.L.	94,15 puntos.
- 3.- Proyectos Zenale, S.L.	90,74 puntos
- 4.- Asfalgal, S.L.	90,16 puntos
- 5.- Francisco Gómez y Cía., S.L.	90,04 puntos
- 6.- Arias Infraestructuras, S.A.	87,65 puntos
- 7.- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	86,82 puntos
- 8.- Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	85,66 puntos
- 9.- Sondeos Porzuna, S.L.	84,06 puntos
- 10.- OVISA Pavimentos y Obras, S.L.U.	82,95 puntos
- 11.- Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.	81,77 puntos
- 12.- Excavaciones Santiños, S.L.	81,30 puntos
- 13.- Arines Obras y Proyectos, S.L.	74,90 puntos
- 14.- Alvac, S.A.	72,12 puntos
- 15.- Obras y Viales Cerne S.L.	67,58 puntos
- 16.- MARCONSA, S.L.	61,22 puntos
- 17.- Hordescon, S.L.	60,30 puntos
- 18.- Desmaco, S.L.	39,43 puntos
- 19.- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	39,43 puntos

Cuarto : Adjudicar a obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “*Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros*”, á entidade “Lancer Proyectos y Obras, S.A.”, con CIF A-70124201 e domicilio social na rúa Templarios nº 4, baixo, 15670 O Burgo (Culleredo - A Coruña), no prezo ofertado de 112.938,52 euros sen IVE, (136.655,61 euros , IVE incluído), por ser o licitador que acadou unha maior puntuación, en aplicación do criterio de adjudicación factor prezo que consta no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, por efectuar a oferta máis baixa non incurso en presunción de desproporción, segundo informes emitidos coas datas 28 de novembro de 2017 e 11 de xaneiro de 2018 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, e proposta da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre de data 23 de xaneiro de 2018.

As características da proposición do adjudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011 , e cláusula 9 do prego-tipo , atópanse na baixa económica ofertada , ao ser a oferta económica o único criterio de adjudicación , e non atoparse incurso en presunción de baixa desproporcionada.

Quinto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adjudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Boletín Oficial da Provincia, Perfil de Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos de Galicia, esto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sexto: A dirección da obra correspóndelle á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, quen exercerá, así mesmo, os labores de responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste. S.L.U.", segundo vale de pedido nº 04843 asinado con data do 13 de outubro de 2017.

Oitavo: Notificar ás empresas participantes e á coordinadora de seguridade e saúde, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia www.contratosdegalicia.es, de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notificar aos Departamentos de Intervención, Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación á empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L. no importe de 14.875,00 euros sen IVE, (17.998,75 euros, IVE incluído), da produción do evento e das actuacións artísticas de "Azúcar Moreno" e "Orquestra Trébol" o sábado 17 de febreiro de 2018. Expediente: 2018/C002/000001



Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“A dinamizadora cultural municipal propón, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deporte e Mobilidade, con data do 30/01/2018, a contratación externa da produción do evento e das actuacións artísticas de “Azúcar Moreno” e “Orquestra Trébol” o sábado 17 de febreiro de 2018, no Campo da Feira do Concello de Cambre, con motivo da festividade do “Entroido Pequeno”, achegando á proposta as prescricións técnicas, por un importe máximo de 15.136,83 euros máis 3.178,73 euros do 21% de IVE, que supón un total de 18.315,56 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2018.338.22609 “Festexos Populares”.

Para esta finalidade, solicitáronse presupostos a tres licitadores capacitados para a execución do contrato, que constan no expediente, (Hepaes 96 S.L, Pepe y Lola Crew S.L. e Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L), formulándose proposta de adxudicación pola mesma funcionaria coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativa, con data do 9 de febreiro de 2018, á prol da empresa “Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L.” co CIF B36932309 e domicilio na rúa Alcalde Lens, 23 baixo, 15010 A Coruña, por ser o licitador que presentou a oferta economicamente máis baixa, e que reúne todos os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas, comprometéndose á realización do contrato polo importe de 14.875,00 euros máis o 21 % IVE que totalizan 17.998,75 euros IVE incluído.

A Intervención Municipal emitiu informe con data 30/xaneiro/2018, indicando que *“existe saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe que se reseña, 18.315,56 euros para as actuacións artísticas Azúcar Moreno e orquestra Trebol, Entroido 2018”*

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei dos contratos do sector público (TRSCSP, establecen que nos contratos distintos aos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 12 de febreiro do actual, e incoado expediente de contratación nº TEDeC 2018/C002/000001

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, data 12 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola dinamizadora cultural municipal, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas e do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade con data do 30/01/2018, para a contratación externa da produción do evento e das actuacións artísticas de “Azúcar Moreno” e “Orchestra Trébol” o sábado 17 de febreiro de 2018, así como as prescricións técnicas para a realización do servizo, por un importe máximo de 18.315,56 euros, IVE incluído, (prezo sen IVE 15.136,83 euros).

Segundo: Aprobar a realización do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 338/22609 “festexos populares”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte. nº 2018/C002/000001 da produción do evento e das actuacións artísticas de “Azúcar Moreno” e “Orchestra Trébol” o sábado 17 de febreiro de 2018, no Campo da Feira do Concello de Cambre, con motivo da festividade do “Entroido Pequeno”, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do contrato é inferior a 18.000,00 euros.

Cuarto: Adxudicar o contrato no prezo ofertado sen IVE de 14.875,00 euros , (prezo IVE incluído : 17.998,75 euros) á prol da empresa GALICIA VELLA DE INVERSIONES E LOGÍSTICA S.L co CIF B 36932309 e enderezo na rúa Alcalde Lens, 23 baixo, 15010 A Coruña, por ser o licitador que presentou a oferta economicamente máis baixa, e que reúne todos os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas .

A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

- Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L	90 puntos
- Pepe y Lola Crew, S.L.	59,18 puntos
- Hepaes 96, S.L.	54,05 puntos

De conformidade co informe-proposta emitido pola Área de Cultura, Deportes e Mobilidade de data 30/01/2018, a entidade adxudicataria deberá achegar, con caracter previo á execución do contrato, e no prazo de dous días, contados a partir da notificación da adxudicación, a seguinte documentación:

A.- O seguro de responsabilidade civil e as condicións xerais e particulares da Póliza, con copia do recibo de pago do mesmo na data de desenvolvemento da actividade que cubra un mínimo 300.000,00 euros.

B.- Instalación eléctrica:

- 1.- Certificado de instalación eléctrica coa subministración por medio da rede eléctrica distribuída ou
- 2.- Certificado de instalación eléctrica coa subministración por medio dun grupo electrógeno insonorizado, que neste caso ha de vir acompañado tamén de:



- Certificado de manipulación do grupo electróxico.
- Certificado de revisión do grupo electróxico.
- Copia da declaración CE de conformidade do fabricante do grupo electróxico.

C.- Instalación de estruturas móbiles: carpa, jaimas

1.- Certificación de estabilidade estrutural (caducidade anual, con validez para as datas de desenvolvemento da actividade) emitido por Técnico colexiado que certifique favorablemente a suficiencia estrutural e as condicións de seguridade e uso da estrutura da carpa, jaimas e demais instalacións móbiles que se utilicen.

D.- Instalación de estruturas móbiles: escenarios de orquestras

- 1.- Declaración CE de conformidade do fabricante do escenario móbil ou no seu caso Certificado de dirección de obra do proxecto de homologación do camión escenario realizado por técnico colexiado.
- 2.- Copia da documentación da ITV válida para as datas de desenvolvemento da actividade.
- 3.- Boletín de instalación eléctrica para escenario de orquesta, firmado por instalador autorizado en baixa tensión, válido para as datas de desenvolvemento da actividade.

E.- Disparo de fogos de artificios

- 1.- Copia da comunicación da previsión da prestación deste servizo presentada na subdelegación do Goberno.
- 2.- Certificado de que o persoal que presta o servizo de disparo de artificios pirotécnicos é personal cualificado e están en situación de alta na Seguridade Social na data de execución do servizo

E calquera outro documento que se lle puidera solicitar dende os servizos municipais.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Sexto: Designarase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á dinamizadora cultural, dona M^a Pilar Paz Delgado, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do



establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso –Administrativo do Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notificar aos Departamentos de Cultura e Intervención, e a técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada e con tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros. Expediente: 2017/C004/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con datas do 29 de xaneiro, e 2 e 12 de febreiro de 2018, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe-proposta, ao que achega prego de prescricións técnicas particulares, para a contratación do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros, por un importe anual de execución por contrata de 281.341,14 euros IVE incluído.

Unha vez rematado o prazo de execución do derradeiro contrato asinado, o Departamento de Servizos municipal propón unha nova contratación externa do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas de Navidad e outros, en cumprimento das competencias municipais reguladas nos artigos 25.2.b) e 26.1.a) da Ley 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ante a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo este servizo, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal .



Así pois, a necesidade do contrato vén motivada, ante todo, pola necesidade de asegurar a continuidade da iluminación e instalacións eléctricas cun nivel técnico adecuado, realizando un mantemento preventivo e correctivo das mesmas, e, cando cumpra, acometer as reparacións, reposicións, substitucións, melloras ou modificacións necesarias en todas as instalacións de iluminación pública e edificios municipais, tanto as existentes actualmente como as que reciba o Concello durante a duración do presente contrato, ademais de cubrir outras necesidades anuais directamente relacionadas co servizo, relativas á iluminación ornamental de festas de Nadal e outros. O Concello carece de medios técnicos e persoais suficientes para levar a cabo os traballos que comprende o presente servizo, que ten carácter mínimo e obrigatorio para os municipios conforme ao xa indicado art. 26.1.a) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, facéndose polo tanto necesario a contratación da prestación do mesmo por unha empresa ou adxudicatario/a externo/a.

Complementariamente, e como obxecto accesorio, a finalidade do contrato se enmarca dentro da política de fomento do emprego que deben adoptar os poderes públicos no ámbito das súas respectivas competencias, de conformidade co establecido no artigo 40.1 da Constitución.

É, por tanto, manifesta, a vontade de utilizar a contratación pública co propósito de apoiar os procesos de inserción sociolaboral con persoas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, promovendo medidas de creación no emprego.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 165.22799 , por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 30 de xaneiro actual.

Con data do 6 de outubro de 2017, (rexistrado ao nº 0/8994), e completado con data do 1 de febreiro actual, a entidade que actualmente presta o servizo, remite ao Concello a información referida aos traballadores que, en virtude do convenio colectivo aplicable, cumpren os requisitos para ser subrogados pola nova adxudicatario do servizo, co fin de que sexan incluídos nos pregos de cláusulas administrativas particulares, en virtude do establecido no artigo 120 do TRLCSP, sendo esta relación obxecto de informe polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, con data do 5 de febreiro actual.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 14 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada e con tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros, (así como a promoción de medidas de creación de emprego para persoas con dificultades de acceso ao mercado laboral), cun orzamento de execución por contrata de 281.341,14 euros anuais, IVE incluído, (prezo anual sen IVE : 232.513,34 euros), e un valor estimado de 1.023.058,60 euros, isto en aplicación do establecido nos artigos 157 ao 161 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. 2017/C004/000004).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 165.22799, comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos distintos exercicios orzamentarios, ao se tratar dun gasto de execución plurianual.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e mailo de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do TRLCSP, e cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares, os prezos da contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando a súa natureza non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar os correspondentes anuncios de licitación no DOUE, BOE, BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia